

O Grupo Compostela de Universidades recibe un Premio Camiño de Santiago pola súa contribución á divulgación desta ruta de peregrinación nos eidos académico e social

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018 – O presidente do Grupo Compostela de Universidades (GCU), Marek Kręglewski, recolleu esta tarde o galardón na cerimonia de entrega dos Premios Camiño de Santiago 2018, celebrada no Museo das Peregrinacións e de Santiago da capital galega.

Ao recibir o galardón, Marek Kręglewski agradeceu a concesión do mesmo ao conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, e á directora de Turismo de Galicia, Nava Castro. No seu discurso explicou que nas tradicións dos diversos países europeos pódese “apreciar a riqueza e diversidade das raíces comúns sementadas polo Camiño”. Ademais, subliñou cou que resulta “vital que este coñecemento sexa transmitido ás futuras xeracións europeas” e indicou que nesta liña traballa o GCU, a través da organización de proxectos que “presentan a cultura europea no contexto do Camiño de Santiago”.

O Grupo Compostela de Universidades foi premiado na categoría que distingue a iniciativas e actividades de carácter académico, investigador ou educativo. No seu fallo o xurado destacou o traballo do GCU e a súa contribución ao estudo do Camiño de Santiago desde un punto de vista multidisciplinar, académico e social; incluíndo tamén a perspectiva de xénero e favorecendo a mobilidade de investigadores.

Ao longo dos seus 24 anos de vida, o GCU desenvolveu proxectos destinados ao estudo e divulgación do Camiño de Santiago e os seus valores, nos eidos académico e social. Achegando á sociedade estas temáticas a través da edición de publicacións como a serie ‘Camiño de Santiago’ ou o libro ‘Mulleres peregrinas’, doadas á Biblioteca e Arquivo de Galicia da Cidade da Cultura e á Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela para a súa consulta. Organizando iniciativas académicas como o foro internacional ‘O valor dos dereitos humanos e o Camiño de Santiago’, que congregou en Santiago a máis de 100 estudantes e profesores dunha vintena de institucións académicas.

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crecendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.